



Guía Docente				
Datos Identificativos			2016/17	
Asignatura (*)	Xénero, igualdade e educación	Código	652G03007	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Iglesias Galdo, Ana Maria	Correo electrónico	ana.iglesias@udc.es	
Profesorado	Iglesias Galdo, Ana Maria	Correo electrónico	ana.iglesias@udc.es	
Web	<a href="http://www.educacion.udc.es/doc_profesor.php?id=55">http://www.educacion.udc.es/doc_profesor.php?id=55</a>			
Descrición xeral	<p>Educación significa facilitarlle ó alumnado a aprendizaxe daqueles coñecementos, destrezas e competencias básicas que lles permitan tomar conciencia do funcionamento da sociedade e actuar en consecuencia desde unha posición crítica. Unha sociedade democrática e cada vez máis multicultural esixe, tamén da educación social, agudizar a mirada para detectar os elementos culturais que puideran ser discriminatorios para algún grupo social en particular, analizar os cambios e resistencias e contribuír a transformar as institucións, programas ou servizos sociais no que podan ter de inxusto ou discriminatorio.</p> <p>Enfocaremos os ámbitos da educación social, especialmente aqueles que teñen máis poder na definición das identidades: as familias, formalmente democráticas con restos patriarcalis; a escola, formalmente coeducativa con reminiscencias do modelo mixto e os equipamentos, programas e servizos ligados ó tempo de ocio adolescente, ocupando un lugar destacado a televisión e os recursos tecnolóxicos, no seu afán de crear ávidos consumidores.</p> <p>Desafiar a desigualdade en función do xénero require dun modelo crítico abertamente antisexista, para detectar onde persisten e son especialmente activos os sexismos. No marco desta materia, apelaremos á teoría feminista, en tanto teoría crítica reflexiva que aporta chaves para coñecer as causas da desigualdade, analizar os procesos de distribución de recursos, cuestionar as xerarquías sociais, buscar solucións que contribúan a globalizar un orde social que garanta a igualdade de mulleres e homes e, por ende, unha sociedade do século XXI, máis integrada, democrática e socialmente xusta.</p> <p>Propoñemos, en palabras de Celia Amorós, identificar algúns dos fíos de cor de rosa tecidos nas redes sociais, que son, as liñas e direccións nas que puntearemos os fíos violeta da coeducación.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Asumir o paradigma feminista como marco imprescindible no que sustentar todo proxecto de acción socioeducativa.	A8 A14 A17 A20	B4 B6	
Deseñar e desenvolver proxectos, programas con perspectiva feminista nos diferentes campos de acción socioeducativa promovendo culturas colaborativas	A9 A14 A15 A17 A20	B3 B4 B6	C1 C6 C7



Asegurar a coeducación social como elemento imprescindible dos modelos de educación inclusiva	A1		C4
	A2		
	A3		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O concepto de xénero nas ciencias sociais	1.1. Precisións terminolóxicas previas: diversidade, diferenza, igualdade, desigualdade; sexo, xénero. 1.2. Patriarcado Androcentrismo Misoxinia. 1.3. Feminismo como marco teórico, como movemento social e político.
2. Institucións socializadoras/educadoras e mandatos de xénero	2.1. Mandatos de xénero como contidos culturais 2.2. O papel dos estereotipos na configuración das identidades 3.2 Principais sexismos inseridos en institucións/servizos e/ou programas de acción socioeducativa. Elementos de análise: linguaxe, estrutura, cargos, normativa, organización dos espazos, relacións, contidos, expectativas ... 2.3. Ámbitos a problematizar: Linguaxe, ocio e tempo de lecer: medios, deporte, videoxogos, revistas; Familias Socialización profesional Política
3. A violencia de xénero	4.1. Agresividade, poder, violencia: precisións terminolóxicas 4.2. Mitos da violencia de xénero. 4.3. Masculinidade, feminidade e violencia 4.4. A educación na Lei integral de medidas de protección contra a violencia de xénero. 2.4. Sobre da construción do Amor, o Poder e os Cuidados.
3. A coeducación: o compromiso colectivo de educar para a igualdade.	3.1. A coeducación como proxecto feminista. 3.2 Principais sexismos inseridos en institucións/servizos e/ou programas de acción socioeducativa. Elementos de análise: linguaxe, estrutura, cargos, normativa, organización dos espazos, relacións, contidos, expectativas ... 3.2. Da escola mixta a coeducativa. O papel do xénero na construción do éxito e do fracaso escolar.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A14 B6 C4 C6	10	20	30
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A8 B3 C1 C4 C6	12	24	36
Proba mixta	A2 A3 A14 B6 C1 C6	0	10	10
Discusión dirixida	A8 A14 A20 B3 B6	6	6	12
Estudo de casos	A2 A9 A15 A17 B4	4	8	12
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A8 A14 A20 B3 B6 C1 C7	6	33	39
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A20 B3	4	4	8
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	As fontes documentais son os referentes conceptuais que se presentarán ó redor dos diferentes núcleos temáticos que vertebran a materia. Utilizaráanse documentos audiovisuais e bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos...) que son relevantes para afondar no temario con propostas de actividades específicas para o estudio dos mesmos.
Sesión maxistral	Ao comezo de cada núcleo formativo farase unha exposición xeral introductoria de cada tema, mediante exposición oral, guiada co uso de recursos audiovisuais, destacando os asuntos que precisen dun maior afondamento, así como as orientacións oportunas para poderen ser ampliados. Asemade proporase unha discusión dirixida, por grupos, co fin de ollar os prexuízos, valorar os intereses do alumnado, ter en conta as súas contribucións e potenciar a súa participación na construción significativa do coñecemento.
Proba mixta	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe o remate do curso, na que o alumnado deberá dar resposta ás cuestións prantexadas a través dun marco global e integrado dos diferentes núcleos temáticos contemplados nesta guía docente
Discusión dirixida	Será unha das dinámicas máis utilizadas, para a que se acordará con suficiente antelación as lecturas previas de carácter obrigatorio que, recollendo diferentes argumentacións sobre dunha temática, favoreza o contraste e o debate de opinións fundamentadas e o e coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Estudo de casos	Adoptando o feminismo como marco conceptual, selección dunha temática para deseñar un proxecto coeducativo nalgún dos ámbitos da educación social: centro de menores, escola, centros cívicos, asociacións de ocio, deporte e tempo de lecer, campamentos, etc. As datas para o seu desenvolvemento e sesións de tutoría contempladas para este fin, serán acordadas na aula, a proposta da profesora. Ademais de ser incluído no Portafol, cada grupo expoñerá o seu proxecto co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoralo.
Portafolios do alumno	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas, paxinadas e cun índice introductorio que conterá os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado ó longo do semestre. Inclúe todo o traballo realizado : notas de clases, tarefas desenvolvidas, resumos, dificultades atopadas , comentarios etc. É froito do traballo tutelado e continuo en torno ós diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada da profesora ós distintos grupos.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Esta tipo de actividade será recollida no portafol.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Estudo de casos Portafolios do alumno	Os grupos de traballo organizaranse a modo de seminarios onde se desenvolverán as diferentes metodoloxías que requiren a presenza e participación do alumnado, así como as lecturas previas traballadas para tal fin.  As cuestións a traballar, así como a organización concreta do seminario depedendo da temática, serán acordadas ó comezo de cada núcleo temático.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Estudo de casos	A2 A9 A15 A17 B4	Adoptando o feminismo como marco conceptual, selección dunha temática para deseñar un proxecto coeducativo nalgún dos ámbitos da educación social: centro de menores, escola, centros cívicos, asociacións de ocio, deporte e tempo de lecer, campamentos, etc. As datas para o seu desenvolvemento e sesións de tutoría contempladas para este fin, serán acordadas na aula, a proposta da profesora. Ademais de ser incluído no Portafol, cada grupo expoñerá o seu proxecto co obxecto de compartilo, sometelo a debate e valoralo.	15
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A8 A14 A20 B3 B6 C1 C7	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas, paxinadas e cun índice introductorio que conterá os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado ó longo do semestre. Inclúe todo o traballo realizado : notas de clases, tarefas desenvolvidas, resumos, dificultades atopadas , comentarios etc. É froito do traballo tutelado e continuo en torno ós diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada da profesora ós distintos grupos.	25
Proba mixta	A2 A3 A14 B6 C1 C6	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe o remate do curso, na que o alumnado deberá dar resposta ás cuestións prantexadas a través dun marco global e integrado dos diferentes núcleos temáticos contemplados nesta guía docente.	60

## Observacións avaliación

Atendendo ó traballo e á participación do alumnado na materia, a avaliación contempla dúas opción:

**OPCIÓN A.** Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de aula (asistencia superior ó 80%):

- a) Elaboración dun portafol grupal no que se recollerán prácticas propostas relacionadas coa lectura e análise de materias diversos, as notas relativas ós grupos de discusión e as sesións maxistras(25%)
- b)Diseño dun Proxecto coeducativo que será exposto na aula (15%).
- c) Exame sen material sobre os contidos da materia (60%).

Data: O Exame realizarase na Aula o derradeiro día de clase establecido no calendario para esta materia.

**OPCIÓN B.** Para o alumnado que non asiste/participa das actividades de aula (asistencia inferior ó 80%):

- a) Exame: Proba mixta sobre os contidos da materia(80%). No mesmo exame se prantexará unha pregunta referida a unha obra de lectura que será notificada en Moodle no mes de marzo(20%).

Data: O exame realizarase na data oficial establecida no Calendario de exames.

A este exame, baixo estas condicións, poderá presentarse todo o alumnado que non se presentara o anterior.

Na impresión dos traballos e a súa encuadernación teránse en conta criterios de sostenibilidade.

En calquera das dúas opcións é preciso contestar, cando menos parcialmente, a tódalas cuestións prantexadas (en caso contrario a cualificación será de Suspenso), e obter unha avaliación favorable en cada unha das partes da materia. No caso de non ser así, a cualificación en Actas será a da parte suspensa en base 10.

O alumnado con recoñecemento oficial de

dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de

asistencia, deberá acudir a titorías para fixar as sesións interactivas e

expositivas nas que poderá estar presente co fin de determinar os

traballos substitutorios, se fose o caso. Nesta titoría será informado do procedemento de avaliación que será o que resulte máis acaído en función da súa presenza/ausencia nas sesións interactivas."





## Bibliografía básica

- ÁLVAREZ-URÍA, Fernando e VARELA, Julia (2009). "Sociología del género: algunos modelos de análisis". Madrid: Morata
- AMORÓS, Celia (2005). La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias...para la lucha de las mujeres. Madrid: Cátedra
- AMORÓS, Celia (Dcta) (1995). 10 palabras clave sobre Mujer. Navarra:evd
- AMOROS, Celia e DE MIGUEL Ana (eds.) (2005). Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización. De los debates sobre el género al multiculturalismo. Madrid: Minerva
- BALLARÍN, Pilar (2006). "La educación 'propia del sexo'". Madrid: Akal
- BALLARIN, Pilar (2008). "Retos de la escuela democrática". Madrid: Catarata
- BARBÉ, Alba, CARRO, Sara e VIDAL, Carlesw (2014). La construcción de las identidades de género. Madrid: Catarata
- BARRAGÁN, Fernando (2006 a). Violencia, Género y cambios sociales. Un programa educativo que promueve nuevas relaciones de género. . Málaga: Aljibe
- BLANCO, Nieves (Coord.) (2001). Educar en femenino y en masculino. Madrid: Tres Cantos
- CASTELLS, Manuel e SUBIRATS, Marina (2007). Mujeres y hombres: ¿un amor imposible?. Madrid: Alianza
- COBO, Rosa (ed.) (2008). Educar en la ciudadanía. Perspectivas feministas. Madrid: Catarata
- COBO, Rosa (ed.) (2006). Interculturalidad, feminismo y educación. Madrid: Catarata
- COBO, Rosa (2011). Hacia una nueva política sexual. Madrid: Catarata
- CONNELL, Robert (1998). "Enseñar a los chicos: nuevas investigaciones sobre la masculinidad y estrategias de género para la escuela". Kikiriki. Revista de cooperación educativa
- DePALMA, Renée (2013). Choosing to lose our gender expertise: queering sex/gender in school settings. Sex Education: Sexuality, Society and Learning, 13:1, 1-15, DOI:
- DÍEZ GUTIÉRREZ, Enrique (2005). La diferencia sexual en el análisis de los videojuegos. Madrid: Instituto de la Mujer.
- GABRIEL, Narciso de (2008). Elisa e Marcela. Alen dos homes. Pontevedra: Nigra Trea.
- IGLESIAS G., Ana e BALLARÍN D., Pilar (2013). El "mito" del éxito escolar de las niñas. Servizo de Publicacións U. Vigo, Santiago e Coruña
- IGLESIAS GALDO, Ana (2010). Guía para practicar unha educación antisexista.... Concello da Coruña
- KENWAY, Jane e FITZCLARENCE, Lindsay (2006). "Masculinidad, violencia y escuela. Contra las 'pedagogías venenosas'". Kikiriki. Revista de cooperación educativa
- LOMAS, Carlos (comp.) (2004). Los chicos también lloran. Identidades masculinas, igualdad entre los sexos y coeducación. Barcelona: Paidós
- LORENTE, Miguel (2008). El agresor de género: acciones y reacciones del posmachismo? . Madrid: Universidad Complutense
- LUKE, Carmen (comp.) (1999). Feminismos y pedagogías en la vida cotidiana. Madrid: Morata
- MARTÍN, Virginia e ETURA, Dunia (2016). La comunicación en clave de igualdad de género. Madrid: Fragua
- MENENDEZ MENENDEZ, Mª Isabel (2008). Discursos de ficción y construcción de la identidad de género en TV. Palma de Mallorca: Universitat de les Illes Balears
- MENENDEZ MENENDEZ, Mª Isabel (2006). El zapato de Cenicienta. El cuento de hadas del discurso mediático. Oviedo: Trabe
- MIEDZIAN, Myriam (1995). Chicos son, hombres serán. Cómo romper los lazos entre masculinidad y violencia. Madrid: Horas y horas
- MIGUEL, Ana de (2015). Neoliberalismo sexual. El mito de la libre elección. Valencia: Cátedra
- MORENO, Montserrat Moreno (1993). Cómo se enseña a ser niña: el sexismo en la escuela. Barcelona: Icaria
- OSBORNE, Raquel (2009). Apuntes sobre violencia de género. Barcelona: Bellaterra
- RENAU, Dolores (ed.) (2012). Cómo aprender a amar en la escuela. Madrid: Catarata
- RODRIGUEZ, Carmen (Comp) (2006). Género y currículo. Aportaciones del género al estudio y práctica del currículo.. Madrid: Akal
- RODRIGUEZ, Carmen (2011). Género y cultura escolar. Madrid: Morata
- RODRÍGUEZ, Rosa (Ed.) (2015). Sin género de dudas. Logros y desafíos del feminismo hoy. Madrid: Biblioteca



Nueva

- SÁNCHEZ, Ana e IGLESIAS, Ana (2008). "Curriculum oculto en el aula: estereotipos en acción". Madrid: Catarata
- SÁNCHEZ, Mercedes (coord) (2009). Cómo educar en la diversidad afectivo-sexual en los centros escolares. Orientaciones prácticas para la ESO. Madrid: Catarata
- SANTOS GUERRA, Miguel A. (Coord.) (2000). El harén pedagógico. Perspectiva de género en la organización escolar. Barcelona: Grao
- SÁNCHEZ, Ana (2006) (Coord.) (2006). Políticas públicas de igualdad. Perspectiva de género.. Santiago: Laiovento
- SÁNCHEZ, Ana e IGLESIAS, Ana (Coords.) (2008). Tratamento da violencia de xénero dende as políticas de igualdade. Universidade da Coruña
- SANCHEZ BELLO, Ana (2012). Dirección escolar y techo de cristal.El tiempo en cuestión. Revista iberoamericana de educación
- SAN SEGUNDO, Teresa (2015). A vueltas con la violencia. Una aproximación multidisciplinar a la violencia de género. Madrid: Tecnos
- SAVIN-WILLIAMS, Ritchard (2009). La nueva adolescencia homosexual. Madrid: Morata
- SUBIRATS, Marina e TOMÉ, Amparo (2007). Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación. Barcelona: Octaedro
- SUBIRATS, Marina (2008). La masculinidad hoy: un género obsoleto? . Madrid: Universidad Complutense
- SUBIRATS, Marina e BRULLET, Cristina (1988). Rosa y Azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta. Madrid: Instituto de la Mujer
- TOMÉ, Amparo e RAMBLA, Xavier (ed.) (2001). Contra el sexismo. Coeducación y democracia en la escuela. Barcelona: Síntesis
- TOMÉ, Amparo e TONUCCI, F. (2013). Con ojos de niña. Barcelona: Graó
- VALCÁRCEL, Amelia (2009). Feminismo en el mundo global. Madrid: Cátedra
- VARELA, Nuria (2005). Feminismos para principiantes. Barcelona: Ediciones B
- VARELA, Julia (2011). Mujeres con voz propia. Carmen Baroja y Nessi, Zenobia Camprubí Aumar e María Teresa León Goyri. Madrid: Morata
- VV.AA (2014). El amor 2.0 y las desigualdades de género entre adolescentes. Barcelona: Graó



Bibliografía complementaria	 
-----------------------------	--------

Recomendacións
----------------

Materias que se recomenda ter cursado previamente
---

Materias que se recomenda cursar simultaneamente
--

Materias que continúan o temario
----------------------------------

Observacións
--------------

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
--